

# Exposición itinerante

## A VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE. INFÓRMATE!

O Concello de Vigo ten asinado un convenio de colaboración co Instituto da Muller (Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade) para desenvolver na nosa cidade o Programa IRENE: programa de información, formación e prevención da violencia sexual na mocidade. Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

No marco deste convenio a Concellería de Igualdade ofrece esta exposición “**A Violencia Sexual na Xuventude. Infórmate!**” dirixida a mozos e mozas, para compartir con escolas, asociacións e centros interesados.

Co obxecto de ofrecer contido e información a un tema tan actual como é a Violencia Sexual na Xuventude, a Concellería de Igualdade ofrece aos centros a posibilidade de solicitar, durante un tempo, dita exposición no seu centro. No caso de ter interese terán que enviar o formulario debidamente cuberto á nosa oficina como figura ao pé do mesmo.

## datos da exposición

**A dita exposición consta de dez paneis, cada un co seu título por se se utilizara parcialmente.**

**A medida de cada panel é de 210 (alto) x 120 cms (ancho).**

**A exposición ocupa uns 17 metros lineais. Cada panel está numerado, e co seu título, segundo o contido.**

**Cada panel está identificado co seu número na parte traseira para coñecer a orde lóxica da exposición, aínda que os números van detrás por se nalgún momento quere-mos expresamente cambialos.**

**panel 1, créditos**

**Panel 2, identificación da violencia sexual**

**Panel 3, tipos de violencia sexual**

**Paneis 4 e 5 van máis dirixidos a posibles moz@s que sufran esta violencia, nel se sinalan as consecuencias e como recoñecela para poder afrontar esta situación**

**Panel 6, vai dirixido ao grupo. Responde á pregunta de como podemos axudar? ou que podemos facer? coa intención de que o alumnado poda solidarizarse coa persoa agredida e actuar en consecuencia, illando ao agresor e apoiando a persoa agredida**

**Panel 7, está pensado para que o alumnado reflexione sobre a forma de relacionarse. Identifica situacións e actitudes de violencia e control.**

**Panel 8, defínese a violencia de xénero, pois a violencia sexual é unha das súas manifestacións. Aquí incluimos os recursos.**

**Os paneis 9 e 10 son positivos. Son claves para que mozos e mozas manteñan relacións en igualdade e liberdade, queréndose primeramente a elas e eles mesmos e respectando as diferenzas d@s demais.**

**Ao mesmo tempo consideramos oportuno finalizar a expo analizando no panel 10 se a relación que manteñen mozos e mozas é de bo trato.**

**Esta exposición conta con material de apoio como, un manual coa información ampliada para a persoa encargada de tratar co contido e como coa web da concellería de igualdade: [www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude](http://www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude)**

**formulario para a  
solicitud de exposición**

**Datos do centro**

**Nome do centro**

**Enderezo**

**Teléfono**

**Datos da expo:**

**Datas preferentes**

**Localización**

**Data**

**Datos da persoa/-s**

**responsabel:**

**Nome e cargo**

**Teléfono de contacto**

**E-mail**

**Nome e cargo**

**Teléfono de contacto**

**E-mail**

**Público obxectivo**

Este formulario envarase por fax ou email á Oficina de Igualdade  
Concello de Vigo - Praza do Rei, 1. 1º andar. 36202 Vigo  
Teléfono: 986 810 284 - Fax: 986 430 082  
E-mail: ofi.muller@vigo.org